

Cuestión 10. A configuración do imperio español no século XVI

O século XVI foi o do reinado dos Austrias Maiores (Carlos I e Felipe II) e o da consolidación do Estado Moderno e da política imperialista, financiada coa prata procedente de América.

Con Carlos I prodúcese o cambio de dinastía (dos Trastámara ós Habsburgo) e a reunión da Coroa de Castela e a de Aragón baixo a mesma persoa. A política dinástica iniciada por Carlos I vai ter continuidade no reinado de Felipe II, pero con matices diferentes.

Carlos I (1500-1558) - fillo de Juana “La loca” e Felipe “el Hermoso”, nado e criado en Flandres – **herdou un inmenso patrimonio:** de Felipe “el Hermoso” herdou os dominios da Casa de Borgoña (Países Baixos, Luxemburgo, Franco Condado, Borgoña e Charolais); de Fernando o Católico, a Coroa de Aragón e os seus territorios mediterráneos (Sardenia, Sicilia e Nápoles); de Isabel a Católica (Juana “La Loca” non estaba en condicións de reinar) recibiu a Coroa de Castela e todas as súas posesións norteafricanas e americanas; de Maximiliano I de Austria (avó paterno) obtivo o patrimonio da Casa de Habsburgo (Austria). Foi monarca de gran parte de Europa e a súa política viuse condicionada pola idea de restaurar o imperio cristián (*Universitas Christiana*), e de que o emperador fose rei de reis e non estivese subordinado ó Papa. Carlos I ascendeu ó trono de Castela e de Aragón á morte en 1516 de Fernando o Católico e chegou á Península en 1517, acompañado dun gran séquito de flamengos. En 1519 foi elixido emperador (Carlos V) do Sacro Imperio Xermánico, abandonando os territorios peninsulares para atender os asuntos imperiais. Antes de partir e para sufragar os gastos (da viaxe e coroación) reuniu as Cortes de Castela (en Santiago e A Coruña) para solicitar a aprobación dun elevado subsidio extraordinario. Este comportamento de Carlos I provocou conflitos nas coroas de Castela e Aragón.

As **Comunidades de Castela** (1520-1521). En 1520 moitas cidades castelás se rebelaron contra a autoridade do gobernador real (Adriano de Utrech) e formaron comunidades (assembleas municipais). Nas causas da rebelión comuneira, liderada por Padilla, Bravo e Maldonado, estaba o malestar pola actuación do rei e pola forte presenza de flamengos na administración pero tamén o desexo de moitas cidades (Burgos, Segovia, Toledo...) de librarse do dominio señorial dos grandes nobres. Para coordinar as actuacións constituíuse en Ávila a Xunta Santa, que pediu a Carlos o seu regreso a Castela, a exclusión de estranxeiros de cargos políticos, máis protagonismo das Cortes, redución de gastos e impostos, etc. Os comuneiros, tras algúns éxitos iniciais, serán derrotados en Villalar (Valladolid) en 1521, e os seus líderes executados. A derrota dos comuneiros supuxo o sometemento de Castela ó autoritarismo real (só se concedeu a substitución dos políticos flamengos por casteláns) Paralelamente estoupou o movemento das **Xermanías** (1519-1524). O termo catalán significa “irmandade”. Eran milicias de artesáns, formadas con anterioridade, para defenderse dos ataques dos piratas berberiscos. A crise económica, a opresión nobiliaria e a peste, que provocou a fuxida dos nobres das cidades, radicalizou os axermanados, que protagonizaron levantamentos antinobiliarios en Valencia e Mallorca. Os representantes dos gremios organizaron en Valencia a Xunta dos Trece que se fixo co goberno da cidade. Pero as revoltas foron dominadas polas tropas reais e os seus líderes (Vicente Peris) executados.

Felipe II (1527-1598) comezou o seu reinado en 1556, tras a abdicación do seu pai Carlos I do que herdou todos os territorios agás os austríacos e o título imperial. Durante o seu reinado incorporou á coroa terras no Pacífico (Filipinas, Marianas...) e, en 1580, Portugal con todas as súas posesións. Gobernou o seu inmenso imperio desde Castela (instalou a capital en Madrid), exercendo o seu poder absoluto a través dunha complexa administración e dun poderoso exército permanente. Os grandes obxectivos do seu reinado foron: a **defensa da hexemonía do catolicismo** (inspirada na contrarreforma católica imposta no Concilio de Trento) e o **mantemento do poder dos Austrias en Europa**. Mantivo guerras contra Francia (derrotada en Gravelinas e en San Quintín), que tivo que renunciar ás posesións italianas da monarquía hispánica (paz de Cateau-Cambresis, 1559) e contra os turcos otománs que se expandían polo Mediterráneo (derrotados en Lepanto, 1571). Pero as de maior transcendencia foron:

A rebelión en Flandres. Flandres era unha das dezasete provincias que conformaban os Países Baixos, territorios polos que no século XVI se espallou a doutrina protestante. O conflito flamengo comezouse a manifestarse cando o monarca quixo gobernar o territorio cos principios absolutistas cos que gobernaba Castela, o que suscitou a inmediata oposición das oligarquías autóctonas. A isto

engadiuse a intolerancia do rei cos calvinistas, moi estendidos polas provincias do norte. A pesar da brutal represión exercida polo duque de Alba e Alejandro Farnesio, a rebelión non cedeu e os Países Baixos quedaron divididos en dous: as Provincias Unidas (**Unión de Utrech**), no norte protestante, lideradas por Guillerme de Orange (que contou co apoio inglés) e as provincias do sur (**Unión de Arrás**), de obediencia católica e baixo a soberanía de Felipe II.

A guerra contra Inglaterra. Isabel I de Inglaterra, fervente anglicana, apoiou ós protestantes dos Países Baixos e fomentou a piratería no Atlántico contra os barcos casteláns que comerciaban coas colonias americanas para boicotear o monopolio comercial que España exercía en América. O ataques de Drake ás colonias americanas e a execución da raíña de Escocia, a católica María Estuardo, decidiron a Felipe II a organizar a **Gran Armada** que recollería ós terzos en Flandres para invadir Inglaterra. A expedición fracasou (unha parte naufragou fronte ás costas inglesas polos temporais), danou o prestixio da Monarquía Hispánica e acrecentou o poder naval inglés.

Maior éxito tivo coa incorporación de Portugal. En 1580 morreu sen descendentes directos o rei de Portugal. Felipe II reclamou os seus dereitos sucesorios (a súa nai, Isabel, foi princesa portuguesa) e conseguiu ser recoñecido rei de Portugal nas Cortes de Tomar de 1581, xurando manter e respectar as leis e institucións portuguesas. A incorporación de Portugal supuxo a unión de todos os reinos peninsulares baixo un mesmo rei e tamén a incorporación do seu enorme imperio con posesións en América, África e Asia. Estivo unido á Monarquía hispánica ata a crise de 1640.